

ALGUNHAS NOTAS SOBRE OS CONFLICTOS NA ETAPA DA EDUCACIÓN INFANTIL

Pilar Barreiro González

INTRODUCCIÓN

“Laura pasea pola aula para elixir en que emprega-lo tempo. A poucos metros observa como Pedro ten nas súas mans un atractivo avión. Laura dirixese a el e intenta arrincarllo durante uns segundos, e como non o consegue, opta por propinarlle unha xenerosa trabadura na súa man. Tanto Laura coma Pedro a penas acaban de cumprir-los dou anos.

Situacións coma esta repítense a cotío nos Centros de Educación Infantil, e presentanlles numerosos problemas ós nenos que directa ou indirectamente os sofren e moitos interrogantes para os adultos que, dalgunha forma, teñen que intervir para atopar solucións (xa sexan profesores, pais ou outros observadores do conflito).

¿É “normal” a existencia de agresividade nos nenos? ¿Está o tema da agresividade relacionado co dos conflitos?

¿Está favorecida esta agresividade polos medios de comunicación sociais, modelos familiares, formas de xogo e de relación, etc.? ¿É necesaria a aprendizaxe de habilidades agresivas dentro do contexto social de relación cos seus amigos?...

A socialización de todos e cada un dos comportamentos infantís prodúcese en distintos ámbitos. Aínda que neste artigo só faremos referencia ó escolar, é evidente que está moi interrelacionado co familiar, social, etc...

¿Por que persisten este tipo de conductas? Hai que sinalar que o comportamento agresivo nestas idades vese reforzado en moitas ocasións, fundamentalmente polos propios compañeiros que ceden obxectos, espazos, etc., chorando ou simplemente retirándose, cando o agresor intervén. Este reforzo fai que os conflitos se manifesten en distintas situacións e ámbitos, comprobando neles a súa efectividade.

CONTEXTO DA ANÁLISE

Este estudio xurdiu como reflexo das inquiredanzas e preocupacións do equipo educativo da Escola Infantil Andaina, do que formo parte.

Pensabamos que o xeito de actuar nestas situacións conflictivas supón un fiel reflexo do modo de transmitir unha serie de actitudes e valores ós nenos da nosa Escola e como tal ten que ter un punto de partida de estudio e posterior debate das actuacións levadas a cabo.

Aínda que non é un tema pechado e do que xa non se poida valorar máis, estas son unhas pequenas pinceladas do que nesta Escola estivemos a debater.

ORIXES DESES CONFLICTOS

Aínda que o tema dos comportamentos agresivos é importante para o desenvolvemento da socialización, en moitas ocasións faise necesaria a nosa intervención. Así podemos sinala-las orixes dalgúns comportamentos agresivos:

- Adulto que está ó seu cargo na Escola: ten que haber unha acomodación mútua e moitas veces isto supón por parte dos nenos unha “medición” das súas reaccións. Por outra banda, a situación de ter que compartir un adulto con varios compañeiros orixina demostracións como chamadas de atención para obter uns minutos de trato individualizado. A maiores, os criterios sobre as normas que se queren impoñer ou establecer

poden non esta-lo suficientemente claros.

- Unido a isto está o feito de que o grupo sexa moi numeroso, ou exista unha descompensación en canto ó número de nenos e nenas.

- Espacios: amplos, restrinxidos, escondidos, poucos espacios abertos, etc., que favorecen en ocasións un maior número de conflitos.

- Materiais: tanto o ter poucos obxectos ó seu alcance como o ter só un dalgún deses obxectos.

- Razóns doutro tipo que inflúen moi directamente no ámbito escolar: malestar físico (enfermidades, problemas de sono...). tipo de relación con irmáns, límites e pautas presentadas na súa casa, tipo de información que recibe dos medios de comunicación social (debuxos, películas...).

TIPOS DE CONFLICTOS

Aínda que teñen fundamentalmente unha base común de conductas aprendidas, as manifestacións de agresividade son variadas (trabaduras, golpes, ameazas, insultos...).

É evidente que múltiples factores, como ambiente social, sexo, idade, etc., son as que á súa vez definen estas diferencias.

Así, nesta Etapa de Educación Infantil pódense observar, dependendo

da idade á que nos refiramos, diferencias de intención e tipo de conflitos.

En idades moi temperás (desde os poucos meses ata os dous anos, aproximadamente), a orixe, en moitos casos alónxase dunha intencionalidade para a consecución dun fin (sexo un obxecto, espacio...) senón que serve como exploración do outro.

Noutras ocasións os conflitos xorden a raíz de quitarlle obxectos ou facerse cun espazo. Cando falamos de idades ó redor dos catro anos, o tipo de conflitos xa non acostuman a ser de agresións físicas, senón que ás veces trátase de violencia verbal do tipo "xa non son a túa amiga" ou insultos como "es un chormica", que se repiten moi a miúdo.

Do mesmo modo que se establecen diferencias de conflitos dependendo das idades das que estamos falando, tamén se pode falar de distintos tipos de intervención máis eficaces para cada idade.

INTERVENCIÓN DO ADULTO

Xa que o tema dos conflitos, sobre todo nestas idades, está moi relacionado coa agresividade, e aínda que existe escaseza de recursos por parte dos protagonistas, faise necesaria a intervención do adulto para intentar canalizar esta agresividade dun xeito diferente.

O que interioricen pautas de comportamento axeitadas preséntase

como un dos obxectos básicos nesta intervención.

Non se trata de que acaten normas antes de te-la capacidade para facelo: sería fundamental non evitar conflitos senón que poidan solucionarlos eles mesmos, polo menos nalgúns ocasións, sen chegar a empregar ningún tipo de agresión. O adulto actuaría como xuíz (polo menos nos primeiros anos, mentres que esa capacidade non exista), non pasando por alto situacións inxustas, e intentando axudarlles a que o tipo de relación non se vexa alterado.

Deste xeito, sería moi importante subministrarlles modelos non agresivos para a consecución deses fins, é dicir, outras vías de solución por medio de razoamentos, diálogos, formas distintas de conqueralas cousas, normas, etc.

Antes de pasar a definir estes xeitos de intervención, hai que reseñar algunhas dificultades coas que nos atopamos:

- En ocasións, o adulto non ve directamente o conflito, a non ser que proteste un dos implicados (xa sexa porque non conseguiu o que quere a pesar da agresión, ou do agredido).

Prodúcese unha reconstrucción subxectiva dos feitos, mediante o relato o as queixas dos implicados e as valoracións que fai deles e dos seus protagonistas.

- Ás veces, non se pode atribuír unha intención de "agresión" ó comportamento que tiveron, senón que dentro do

xogo, poden existir incompatibilidades.

- Creamos estereotipos de nenos que normalmente son "agresivos", e reaccionamos coma se fosen sempre os culpables.

O tipo de intervención por parte do adulto é diferente (intencionadamente), dependendo do xeito de reaccionar ó conflito que teña o neno.

TIPOS DE INTERVENCIÓN

Non sempre é posible reflexionar sobre a nosa actuación no momento no que se produce o conflito pero é positivo obter unha serie de pautas de intervención máis ou menos estables e coherentes para que eses momentos conformen unha guía que progresivamente sirva para a concienciación á que antes faciamos referencia.

Xeneralizando:

a) Unha das cuestións na que adoitamos errar é a de prestarlle atención ó agresor para recriminarlle a súa conducta, adquirindo a do adulto valores de reforzo, e que utilizan posteriormente para chama-la súa atención.

Por iso, a compensación que lle supón ó agredido ser "consolado" no primeiro lugar, reforza indirectamente unha imaxe máis positiva do adulto. É dicir, é máis efectivo que, por exemplo, o collan no colo, ca ver como se lle rifa ó agresor.

b) Hai que intentar se-lo mais imparcial posible nos xuízos que se fagan.

c) A linguaxe utilizada polo adulto: nesta idade, o neno non está moi preparado para acata-las súas ordes verbais exclusivamente.

Partimos non dunha obediencia cega ó que di o adulto. Poderíamos dicir que este supón un dos obxectivos a cumprir (nalgunhas situacións).

d) A intervención do adulto nun conflito poderíase expresar en tres fases fundamentais: unha primeira na que se observa e investiga a situación; en segundo lugar, trataríase de consolar ó agredido; e, por último, tentaríase atopar unha solución ó problema presentado, intentando negociar por medio de vías máis pacíficas.

Observando o comportamento dos nenos nestas idades no medio escolar, do mesmo xeito que con anterioridade indicabamos diferencias en canto ó tipo de conflitos que xorden, falaremos así de diferencias na nosa intervención.

Nos máis pequenos (ata os dous anos máis ou menos), o diálogo é pouco efectivo, aínda que debido a que esta será a tendencia en anos posteriores, a nosa intervención tamén vai acompañada dunha pequena conversación. Por moi aberrante que pareza a situación, utilízouse (aínda que non sempre con éxito) tentar transmitir (non coa mesma intensidade, evidentemente) a mesma

sensación que supón o tirar dos pelos ou dar unha trabadura, utilizando na maioría das ocasións as súas mans ou dentes para que isto ocorra. Mais non é unha das alternativas máis productivas en canto á efectividade.

A partir dos dous anos, a linguaxe que utiliza o adulto como mediador nos conflitos vai adquirindo maior peso. Deste xeito, cada vez escóitanse con maior frecuencia frases como: “non me gusta” (por parte do agredido) ou “non o volvo a facer” (acompañado dunha aperta do amigo), por parte do agresor. Pero este xeito de actuar ante este tipo de situacións convértese nunha aprendizaxe, non como concienciación para utilizar outros xeitos máis pacíficos de actuar, senón que coñecen o que o adulto espera deles. Chegan a agredir para a contiuación recuar na súa conducta, apertando ó amigo ou dicindo “a frase máxica” que traducen en conseguir esa satisfacción que procura o adulto para o agredido. Chegados a este punto, é cando establecemos a efectividade deste xeito de actuar.

Chegamos así ó redor dos catro anos, onde a intervención do adulto non só non é suficiente senón que en moitos casos é pouco útil. Por este motivo, a “presión social” exercida polo grupo ten unha maior efectividade cá que ten a do adulto. Son eles mesmos os que falan e expresan os seus sentimentos en grupo (en ocasións mediando o adulto para que se produza esta reunión).

Mais o interesante neste tema da obtención de resultados, non sería exclusivamente a intervención puntual en cada un dos conflitos, senón que pode previamente ir traballando unha atmosfera máis tranquila na aula.

Situacións como representacións con outros personaxes, xogos de roles, ler contos... facendo pausa antes da solución do conflito para coñecerla que presentan e de que xeito, son algunhas das opcións.

Malia a complexidade do tema dos conflitos, neste artigo inténtase facer unha aproximación á realidade vivida na aula, na procura de camiños o máis productivos posible. Mais dependendo, como xa indicamos, de tantos factores, é imposible aglutinar todas e cada unha das situacións en poucas liñas.

BIBLIOGRAFÍA

- Fernández López, Antonio, (1987): *Educación Infantil de 0 a 6 anos, Teoría Práctica*.
- Molina, Paula: *El adulto y la conflictividad de los pequeños*, C. de Infancia, nº 23.
- Mujina (1983): *Psicología de la edad preescolar*, Edit. Visor.
- Osterriesth, P. (1984): *Psicología Infantil*, Editorial Visor.
- Varios autores (1989): *Psicología evolutiva y Educación Infantil*, Aula XXI, Educ. Santillana.
- Varios autores: *La Escuela Infantil de 0 a 6 años*, Editorial Anaya.